

FICHA DE COMPRENSIÓN LECTORA E EXPRESIÓN ESCRITA

O castelo

O castelo estaba construído sobre un pequeno outeiro. Desde a terraza do dormitorio real, a vista era magnífica. En primeiro termo, as terras de cultivo do val, que se prolongaban como unha sucesión de alfombras multicolores ata unha barreira de ameneiros.

Tras desta, discorría un río moi caudaloso e tan ancho que quen estivese á súa beira non podía alcanzar coa vista o outro lado. E máis alá do río, coa axuda duns anteollos, aínda podía o rei deleitarse coa visión das fértiles terras do viño, un territorio que gozaba da luz directa do sol durante todo o día e que reunía en poucos quilómetros toda a gama de verdes posibles.

1. Obviamente, o texto describe un castelo real; pero en que parte do castelo se centra?

.....

.....

.....

.....

2. Desde que parte do castelo se divisiban as mellores vistas?

.....

.....

.....

.....

3. Que orde segue a descrición do espazo? Sinala o correcto:

- a) Das características xerais ás particulares.
- b) De esquerda a dereita ou de dereita a esquerda.
- c) Do máis próximo ao máis afastado.
- d) Non segue unha orde concreta.

4. Tendo en conta a descrición anterior, en que tipo de paisaxe se sitúa o castelo? Que cores predominan? Xustifica a resposta con algún fragmento do texto.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

5. Anota polo menos catro adxectivos cualificativos que atopes no texto.

.....

.....

.....

.....

6. Busca no texto un sinónimo de cada palabra:

espléndida:

orela:

abano:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

[illegible][illegible]